



**BASES CONCURSO LITERARIO**  
"Historias Cheas de Vida"

1. **TEMÁTICA:** A expresión de vivencias ou sentimentos fronte ao cancro e o reflexo de valores como coraxe, superación, actitude, resiliencia que permiten afrontar a enfermidade.
2. **PARTICIPANTES:** Persoas maiores de 16 anos, residentes en Galicia. As persoas menores de idade terán que presentar unha autorización asinada polos seus pais/titores.
3. **MODALIDADE:** Relatos propios, orixinais e inéditos escritos en prosa que non fosen publicados ou premiados con anterioridade noutro concurso. Poderán estar escritos en castelán e/ou galego e só se admitirá unha obra por persoa. A extensión non ha de ser superior a dúas páxinas, DIN A4, letra Arial, tamaño 12 e interlineado 1.5.
4. **XURADO:** O xurado estará conformado por: a. Tres representantes do ámbito literario. O xurado poderá declarar desertos os premios se o considerase oportuno. O fallo do xurado será inapelable. Previo a isto, un equipo psicosocial conformado por catro psicólogas e unha traballadora social, fará unha preselección dos mellores relatos, dos que logo o xurado seleccionará os 3 mellores.
5. **PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS:** Os participantes poden facer chegar o seu relato mediante correo electrónico. A documentación para achegar será a seguinte: deberanse enviar tres arquivos:
  - a. Formulario oficial de solicitude de participación debidamente cumprimentado e unha fotocopia do DNI ou Pasaporte en vigor con datos de email e teléfono de contacto.
  - b. Un segundo documento, a modo de portada, onde debe constar: título, nome e apelidos do autor/a
  - c. Un documento co relato no que non debe indicar nome algún da persoa participante para garantir o anonimato do mesmo.
  - d. Menores de idade: no caso de que o participante sexa menor de idade deberá, ademais, achegar o documento de autorización debidamente cumprimentado e asinado polos seus pais ou titores.

O correo electrónico habilitado para tal fin serán o seguinte: [historiasdevida@aecc.es](mailto:historiasdevida@aecc.es). O asunto deste correo electrónico debe ser "Certame Literario "HISTORIAS CHEAS DE VIDA". Menores de idade: no caso de que o participante sexa menor de idade deberá, ademais, achegar o documento de autorización debidamente cumprimentado e asinado polos seus pais ou titores.

6. **PRAZO DE PRESENTACIÓN:** O prazo de presentación das obras iníciase o 8 de marzo e finaliza o **15 de abril de 2019**, non admitíndose a concurso ningunha obra presentada con posterioridade a esta data.
7. **PREMIOS:** Establécense os seguintes premios, con independencia de se as obras preséntanse en castelán ou galego, que se dotarán con:
  - a. **GAÑADOR:** Estancia dunha noite en cuarto dobre en réxime AD no hotel Baía Baiona.
  - b. **PRIMEIRO FINALISTA:** Cea para 2 persoas en Restaurante Nova Ourense -2 Estrelas Michelin-.
  - c. **SEGUNDO FINALISTA:** 2 accesos ao Club termal en Oca Balneario Augas Santas & Golf (Pantón-Lugo).
8. **ENTREGA E RECOLLIDA DE PREMIOS:** Os premios entregaranse publicamente o marco da celebración do I Congreso Autonómico de Pacientes con Cancro e Familiares que se celebrará o 26

**SECRETARÍA TÉCNICA:**



**I CONGRESO GALLEGO**  
DE PERSONAS CON CÁNCER  
PACIENTES Y FAMILIAS

**GALICIA FRENTE AL CÁNCER**  
**JUNTOS, MÁS FUERTES**  
**26 y 27 de abril de 2019**  
A CORUÑA. Palexco

e 27 de abril de 2019 na cidade da Coruña. A recollida destes premios deberán realizala persoalmente os gañadores, ou a través de representación debidamente acreditada.

9. **PUBLICACIÓN DOS RELATOS.** Os 3 relatos finalistas publicaranse nas redes sociais da AECC a nivel autonómico e nas páxinas webs das Xuntas Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
10. **DEREITOS DE EXPLOTACIÓN:** A organización do certame literario resérvase os dereitos de explotación sobre os traballos premiados para realizar as accións que considere oportunas para difundir as obras que resulten premiadas ou finalistas nesta convocatoria. Se reserva a posibilidade de publicar os traballos premiados e o resto de obras en edición impresa. O/a autor/a de os mesmos conservarán en todo momento os dereitos que confire a lexislación de propiedade intelectual. Queda implícita a autorización dos/ as autores/ as destas obras para a exhibición, difusión ou publicación da imaxe ou contido das mesmas por calquera medio que se estime.
11. **INTERPRETACIÓN DAS BASES.** As cuestións non previstas nestas bases resolveraaas o xurado segundo o seu libre criterio. A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.
12. **PROTECCIÓN DE DATOS.** Informámoslle que Asociación Española Contra o Cancro (AECC) tratará os datos persoais facilitados, así como os derivados da relación, para a súa inscrición e xestión do concurso literario, a gravación e difusión do evento en medios de comunicación, web de AECC e redes sociais, no seu caso, así como o envío de noticias sobre AECC. A base legitimadora para o tratamento é o consentimento do interesado. Os datos serán conservados como durante 5 anos tras a finalización do evento. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade dos teus datos en calquera momento a través dunha solicitude por correo electrónico ao Delegado de Protección de Datos de AECC: e-mail: [dpo\\_aecc@aecc.es](mailto:dpo_aecc@aecc.es). Igualmente pode reclamar ante a Axencia Española de Protección de datos en [www.agpd.es](http://www.agpd.es) se entende vulnerados os seus dereitos”.

**SECRETARÍA TÉCNICA:**

TRAMA SOLUTIONS - C/ Wenceslao Fernández Flórez 1 - 2º 15005 A Coruña - Tel. 981 902 113. [info@tramasolutions.com](mailto:info@tramasolutions.com)